

Así acórdao, mándoo e asínoo Jorge Hay Alba, maxistrado xuíz do Xulgado do Social número dous desta cidade».

E para que sirva de notificación á empresa *Rialbigema, S.L.* que ten o seu enderezo descoñecido, mediante a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino esta cédula de notificación na Coruña, 17 de setembro de 2007.

María Patiño Junquera
Secretaria xudicial

VI. ANUNCIOS

a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Resolución do 19 de setembro de 2007, da Dirección Xeral de Transportes, pola que se somete a información pública o expediente de unificación das concesións de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada V-1623; XG-104, Santiago de Compostela-San Cristovo de Merín, con anexos, e V-1981; XG-160, Santiago de Compostela-A Ponte de Sarandón, con anexos.

Ao abeiro do establecido na Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, e no seu regulamento de execución, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, iniciase expediente de unificación das concesións de servizo público regular permanente de uso xeral de transporte de viaxeiros por estrada V-1623; XG-104, Santiago de Compostela-San Cristovo de Merín, con anexos, e V-1981; XG-160, Santiago de Compostela-A Ponte de Sarandón, con anexos, da titularidade de *Empresa Seoane, S.L.*

Os interesados ou afectados no expediente poderán comparecer no procedemento e, tras o exame da documentación pertinente no Servizo Provincial de Transportes da Coruña (estación de autobuses), efectuar as alegacións que consideren oportunas no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2007.

Mar Chao López
Directora xeral de Transportes

Resolución do 24 de setembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, pola que se fan públicas as adjudicacións definitivas de varios contratos administrativos.

O secretario xeral, actuando no nome da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, por delegación de atribucións segundo a Orde do 6 de marzo de 2003, resolveu adjudicar os seguintes traballos:

-Asistencia técnica para o estudo informativo e impacto ambiental da obra de conexión de Cariño co corredor do norte. (Clave: AC/07/037.00).

Adjudicatario: *Proyfe, S.L.*

Orzamento: 139.306,36 €.

Asistencia técnica para os labores de seguridade e saúde da obra de mellora do trazado e capacidade C-550 Cee-Tui. Treito: Muros-Noia. Subtreito: límite municipal Muros con Serra de Outes-Noia. (Clave: AC/03/006.01).

Adjudicatario: *Tepril, S.L.*

Orzamento: 94.680 € (cofinanciada fondos Feder).

-Asistencia técnica para o estudo informativo e impacto ambiental da VAC Tui-A Guarda, treito 2: corredor PO-350-enlace de Goián, e treito 4: variante da Guarda. (Clave: PO/07/004.00).

Adjudicatario: *G.O.C., S.A.*

Orzamento: 256.800 €.

-Asistencia técnica para a redacción do proxecto de construción da obra itinerario ciclista ao longo da estrada PO-552 entre Baiona e A Guarda. (Clave: PO/07/088.06).

Adjudicatario: *Ingeniería del Noroeste, S.L. (INOR).*

Orzamento: 128.108,02 €.

-Obra de adaptación da estrada OU-312 Lobios (OU-540)-Fronteira de Portugal, p.k. 6+500 ao 14+400, ao plan de baixa IMD. (Clave: OU/06/033.02).

Adjudicatario: *M.R.G. Aridos y Viales, S.L.*

Orzamento: 882.000 € (Interreg III).

-Obra de adaptación da estrada OU-303 Calvos de Randín (OU-302)-Randín, ao plan de baixa IMD. (Clave: OU/06/034.02).

Adjudicatario: *M.R.G. Aridos y Viales, S.L.*

Orzamento: 349.000 € (Interreg III).

O que se fai público para os efectos do previsto no artigo 93 da Lei de contratos das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2007.

Luis Vázquez Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes